

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO 10º CONCURSO DE MAIOS DO 2025 NA FESTA DAS FLORES:

1ª) Poderán tomar parte todas as persoas (físicas ou xurídicas) que previamente entreguen a súa inscrición por sede electrónica (<https://sede.arteix.org/sxc/es/>) ou no SM de Cultura, antes das 14:00 h do día 16 de maio de 2025.

2ª) Establécense dúas modalidades:

Maio Tradicional: é aquel que representa pirámides, conos ou cruceiros. As súas medidas deben oscilar entre 1,5 e 2,00 metros de altura para situarse, se é necesario, sobre unha base que facilitará o Concello de 2x3 m de máximo.

Os materiais empregados deberán ser naturais, tradicionais e típicos de Galicia: madeira, sacos de esparto, musgo, xestas, uces, carqueixas, carrabouxos, flores silvestres, froitas...

Maio Artístico: é o que recrea escenas cotiás, monumentos, obras de arte ou a representación libre dos maios, podendo utilizar calquera tipo de material. As súas medidas deben oscilar entre 1.5 e 2.00 metros de altura para situar, se é necesario sobre unha base que facilitará o Concello de 2x3 m máximo. As construcións que se presenten ao concurso deberán ter un nome e ser realizadas integramente para a ocasión e non poden conter nada que identifique ao autor/a concursante.

3ª) O Concello designará un xurado cualificador cuxa decisión será inapelable, estando presidido pola concelleira de cultura ou persoa en quen delegue entre os 3 membros de recoñecida solvencia designados pola Concellaría de Cultura. Actuará como secretaria/o, con voz e sen voto, e levantará acta unha das traballadoras do SM de Cultura do Concello de Arteixo.

4ª) O xurado valorará os mellores Maios outorgando os seguintes premios, que non poderán ser acumulativos:

-Premio Maio Tradicional: 400€

-Premio Maio Artístico: 400€

-Premio especial para centros educativos: 400€

5ª) Ademais, esta concellaría concederá ata 10 accésits de 100,00 € logo da comprobación e estudo por parte do xurado competente de que o maio está debidamente elaborado.

6ª) O xurado deliberará e emitirá o seu ditame ao finalizar a revisión e comprobación dos maios presentados ao concurso exhibidos no lugar determinado pola Organización, para o que terá en conta a singularidade do maio, a orixinalidade da idea recreada, os materiais de elaboración, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e acabados e a concordancia coa idea presentada. O xurado

poderá declarar deserto calquera dos premios se non reúne una calidade axeitada. A súa resolución será inapelable.

7ª) Cada criterio de valoración será puntuado do seguinte xeito: 0 puntos: carece; 1 punto: malo; 2 puntos: regular e 3 puntos: bo. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a Presidencia do xurado.

8ª) Os Maios deberán chegar ao lugar de colocación (Avenida do Balneario) ao redor das 8:30 horas do venres 23 de maio e iranse situando no lugar que a organización lles indique. Deberán permanecer no mesmo sitio ata que o Concello o decida.

9ª) A entrega de premios terá lugar as 13:00 h na Praza do Balneario e se chove na Capela.

10ª) O número de Maios non poderá exceder de 22, polo que serán admitidos por rigorosa orde de inscrición, limitando a participación nos centros de ensino a 1 maio por etapa educativa e centro (EI, EP, ESO, Bacharelato, ciclo medio e ciclo superior de ensinanzas profesionais).

11ª) As inscricións deberán enviarse ao SM de Cultura (Centro Cívico Cultural de Arteixo Manuel Murguía. Paseo Fluvial s/n) dentro do prazo establecido.

12ª) A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan no seu desenvolvemento serán resoltas pola Concellaría de Cultura.

FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DE MAIOS 2025 DO CONCELLO DE ARTEIXO

Don/dona:	DNI
No seu nome ou en representación de:	
CIF	
Indicar ciclo (só no caso de centros educativos):	<input type="checkbox"/> Educación Infantil <input type="checkbox"/> Educación Primaria <input type="checkbox"/> Educación Secundaria <input type="checkbox"/> Bacharelato <input type="checkbox"/> Ciclo Medio de FP <input type="checkbox"/> Ciclo Superior de FP
Enderezo:	
R/	Nº Andar Letra

CP:	
Localidade:	Provincia:
Tel. Móbil:	Tel. Fixo:
e-mail:	

SOLICITA:

Participar no concurso dos Maios 2025 nas modalidades de:

Maio tradicional NOME DO MAIO _____

Maio artístico NOME DO MAIO _____

En caso estritamente necesario e se é posible, que se recolla no seguinte enderezo:

Día: _____ hora: _____

persoa de contacto: _____

Calquera outro aspecto salientable da recollida:

De conformidade co disposto nas bases reguladoras do 10º Concurso de Maios do Concello de Arteixo **DECLARO** baixo a miña responsabilidade:

1. Que a persoa asinante e/ou a asociación que representa, as/os administradores e representantes, reúnen todos os requisitos previstos nas Bases reguladoras e non se atopan incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario do premio establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo.
3. Que cumpre e acepta o estipulado nas bases deste concurso, especialmente a que establece o **lugar** de colocación do maio (avenida do Balneario), a **hora** (8:30 h), o **día** (venres 23 de maio) e as **instrucións que dite a organización** sobre o lugar exacto de colocación e recollida no recinto.

Arteixo, _____, de _____ de 2025

(sinatura)

Nome, apelidos, DNI da persoa asinante e selo da entidade (se procede)